



FERVENZAS DE CHACÍN




Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: Mazaricos (A Picota)-Santa Baia de Chacín: 7,3 km
Santa Baia de Chacín-Santa Locaia: 2,3 km
Fervenza de Chacín : 2,5 km (ida e volta)
Fervenza de Santa Locaia: 800 m (ida e volta)
Santa Locaia-Serra de Outes: 7 km

Dificultade: baixa
Duración: 2 horas

Unha pequena ruta para coñecer varias fervenzas na parroquia de Chacín, no concello de Mazaricos. O río Santabaia ou Tins desemboca na Ría de Muros e Noia e no seu paso polo concello de Mazaricos cae da meseta de Xallas por grandes desniveis onde abundan os rápidos e os saltos.



Fervenza de Chacín

Nas proximidades de Chacín o río Santabaia, salva varios desniveis. A fervenza máis destacada ten un 10 m de altura en rochas de gneis. Está rodeada dun fermoso bosque de ribeira.

COMO CHEGAR:

Na estrada de Mazaricos a Serra de Outes por Santo Ourente. En Santa Baia de Chacín cóllese un cruce á esquerda apegado ao cemiterio e báixase ata unha estación depuradora. Desde alí un sendeiro baixa a un regato que se cruza e logo pásase un prado e séguese por unha canle de rego ata chegar á fervenza principal. Outras máis pequenas vense desde a ponte da estrada.

Fervenza de Santa Locaia

Río de Nosiño, ou do Vao da Denosiña, afluente do Santa Baia. A fervenza principal ten dous brazos que caen de 6 m de altura en granito de grao fino. Seguindo máis arriba hai un fermoso percorrido onde se poden ver máis saltos e rápidos nunha carballeira húmida moi ben conservada.

COMO CHEGAR:

Na estrada de Mazaricos a Serra de Outes por Santo Ourente chégase á capela de Santa Locaia. Ourente. Á dereita da estrada, detrás da capela de Santa Leocadia e San Brais.



Fentos (*Woodwardia radicans*) no bosque de Santa Locaia.

